

# DESTINO.com



CEP PLURILINGÜE DE RIOMAIOR

PROXECTO DE INNOVACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO 2016-2017

EDLG

CEP PLURILINGÜE DE RIOMAIOR

# ÍNDICE

	<b>PÁX.</b>
<b>1.- TÍTULO DO PROXECTO</b>	3
<b>2.- INTRODUCCIÓN. CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.</b>	3
<b>2.1.- IDENTIFICACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.</b>	4
<b>3.- OBXECTIVOS DESEÑADOS COMO RESPOSTA ÁS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS.</b>	6
<b>3.1.- PRESENTACIÓN DOS PROCESOS DE MELLORA DO ENSINO E DA APRENDIZAXE.</b>	7
<b>3.2.- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN A CURTO PRAZO.</b>	7
<b>3.3.- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN A LONGO PRAZO.</b>	8
<b>4.- ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA</b>	8
<b>4.1.- ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE INNOVACIÓN PREVISTAS.</b>	8
<b>4.2.- TÍTULO E DESCRICIÓN.</b>	10
<b>4.3.- OBXECTIVOS E PROPOSTA METODOLÓXICA.</b>	10
<b>4.4.- XESTIÓN E TEMPORIZACIÓN.</b>	12
<b>5.- IMPLICACIÓN DO PROFESORADO, RESPONSABLES E DEMAIS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.</b>	13
<b>5.1.- RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.</b>	13
<b>5.2.- RECURSOS MATERIAIS QUE SE VAN A MOBILIZAR.</b>	14
<b>6.- COLABORACIÓN INSTITUCIONAIS.</b>	14
<b>7.- MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO.</b>	14
<b>7.1.- ENTRE O ALUMNADO E ENTRE O RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.</b>	14
<b>8.- ORZAMENTO.</b>	15
<b>8.1.- XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN.</b>	15
<b>9.- PLAN DE AVALIACIÓN.</b>	16
<b>9.1.- CRITERIOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN.</b>	16
<b>9.2.- IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA GALEGA NA COMUNIDADE EDUCATIVA.</b>	16
<b>10.- PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCIÓNS E TAREFAS DO PROFESORADO IMPLICADO.</b>	16
<b>11.- ALUMNADO PARTICIPANTE.</b>	19

## 1.- TÍTULO DO PROXECTO.

O proxecto que se describe a continuación ten por título: **DESTINO.com**.

## 2.- INTRODUCCIÓN. CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

En atención á convocatoria do 15 de decembro de 2016 da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de E, FP e IE, pola que se establecen as bases reguladoras para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros docentes de titularidade da Consellería de Cultura, E e OU o **EDLG do CEP Plurilingüe de Riomaior**, considera fundamental o apoio da Administración para levar a cabo o proxecto que agora presenta, un proxecto que procurará a competencia do alumnado en lingua galega e un estado de igualdade entre linguas oficiais no desenvolvemento da actividade docente.

"DESTINO.com" é un proxecto que ten como eixo condutor "O turismo". Esta temática foi elixida para o curso 2016-2017 por todos os Equipos de dinamización do centro, aprobada por unanimidade polo Claustro e informado o Consello escolar. Salientar que todos os coordinadores/as dos mesmos están implicados neste proxecto, así como o Equipo Directivo na súa totalidade e representantes de todos os niveis, o que garantirá unha total implicación de todo o alumnado. Tamén forma parte deste equipo de innovación persoal non docente: o conserxe e a ANPA.

A tarefa final deste proxecto será a representación dun musical que terá por título o mesmo que o do proxecto. A creación dun grupo de teatro escolar é, sen dúbida, unha iniciativa pedagóxica que encaixa perfectamente no marco das accións que as administracións públicas están a levar a cabo, co fin de aproveitar as vantaxes que no terreo da educación achega a converxencia da expresión oral e escrita. O teatro presenta amplas posibilidades de explotación dentro e fora da aula: suscitar a imaxinación e a capacidade creativa dos alumnos, ampliar o seu coñecemento sobre a temática concreta da representación (o turismo), favorecer a Educación en valores e Educación emocional, mellorar as súas competencias lingüísticas, potenciar o traballo en equipo e o gusto pola lectura e preparar para a vida entre outros.

## 2.1.- IDENTIFICACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

O **CEP Plurilingüe de Riomaior** está radicado ao fondo da ría de Vigo trala ponte de Rande, a carón do río Maior do que toma o nome, coa agricultura, a pesca e o marisqueo como actividades ás que se dedican unha parte importante dos seus habitantes, nun contexto con porcentaxes altas de galego-falantes que nos caracteriza, pero, ao mesmo tempo, constatando unha forte desgaleguización interxeracional nos últimos anos.

A transmisión primaria da lingua galega ás novas xeracións tivo, ata fai pouco tempo, como principais responsables ás familias. Esa transmisión tornouse máis difícil porque moitas persoas, instaladas xa na lingua castelá como predominante, non lle atopan rendemento práctico á lingua minoritaria, nestes casos, o galego.

En resumo, o noso Centro está implicado na **promoción, difusión e uso da lingua e cultura galega** polo que a nosa lingua tanto a nivel de relación entre profesores, coas administracións territoriais e locais galegas, así como con outras entidades públicas e privadas de Galicia é o galego. Do mesmo xeito, tanto o material utilizado como as obras resultantes da acción teñen, maioritariamente, un soporte galego.

O presente proxecto está apoiado nunha análise sociolingüística da contorna e da realidade do propio centro, obtendo como resultado as claves que aquí reproducimos.

### A. CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA

As variables referidas á maior ou menor presenza das linguas neste contexto físico-social poderíamos concretalas así:

- Nas familias úsase o galego como lingua habitual, aínda que cada vez en menor medida.
- Tamén é o galego a lingua empregada na gran maioría das interaccións comunitarias.
- O Concello de Vilaboa usa a lingua galega como lingua vehicular.
- Todas as entidades asociativas de Vilaboa usan o galego na súa actividade e nas relacións coa comunidade.
- A lingua predominante na zona educativa, tomando como mostra a que se fala na casa das familias dos alumnos é, maioritariamente, o galego nunha proporción do **70 %**, utilizando o restante **30 %** o castelán como lingua habitual de comunicación aproximadamente.
- Nas interaccións comunitarias, a porcentaxe de uso habitual da lingua galega achégase ao **80 %**.

- Os habitantes maiores de 25 anos, é dicir, os pais e avós das nosas alumnas e alumnos, están instalados de forma moi maioritaria no galego como lingua vehicular. Deles, unha porcentaxe cada vez maior non llelo transmite aos seus fillos, se ben podemos aínda falar dunha transmisión maioritaria que nos atrevemos a cifrar nos dous terzos.

Tomando como referencia este elevado nivel de galeguización da comarca e sen esquecer a caída porcentual na súa transmisión interxeracional, podemos concluír que no alumnado do CEP Plurilingüe de Riomaor obsérvase un nivel medio de galeguización, pero, ao mesmo tempo, é visible unha caída no seu uso habitual nas promocións máis novas.

Podemos resumir, que a tendencia progresiva de desgaleguización do alumnado máis novo é xa un feito e cómpre desenvolver estratexias de recuperación. Con todo, o INDICADOR GLOBAL sitúanos nunha **contorna con predominio do galego**.

## B. SITUACIÓN DO PROFESORADO

Os datos dos que dispoñemos actualmente para analizar este sector correspóndense ás enquisas e pescudas realizadas ao profesorado ao comezo do presente curso e na observación directa, coincidindo coa chegada dun bo número de mestres e mestras novos ao centro. A investigación permite extraer algunhas claves relativas a este sector:

- A lingua habitual do profesorado do CEP Plurilingüe de Riomaor é maioritariamente o galego, destacando un grupo maioritario de docentes bilingües con predominio do galego, e un grupo minoritario de profesores/as bilingües con predominio do castelán.
- O profesorado ten a formación necesaria para ensinar e expresarse en galego e a percepción que posúe da súa capacitación para empregalo na actividade docente é media-alta. A disposición dos docentes para actualizarse e reciclarse en lingua galega é moderada ou boa.
- En termos xerais, nas variables referidas a actitudes respecto do idioma, non se detectan prexuízos, sendo, en xeral, positivas.
- Estamos comprometidos por convicción a fomentar o uso do galego oral e escrito entre o alumnado.
- Polo demais, cómpre sinalar que se detectan lagoas importantes nos materiais que complementan os libros de texto (apuntamentos e recursos audiovisuais e multimedia de calidade e actualizados en lingua galega).

### C. SITUACIÓN DO ALUMNADO

Neste curso 2016-2017 a matrícula ascende a 134 alumnos que proceden nun 99 % das parroquias de Sto. Adrán e Sta. Cristina de Cobres.

Se facemos unha análise global no presente curso destacamos as seguintes conclusións:

- A lingua que empregan cos seus amigos e que prefiren utilizar para falar cos profesores é o castelán.
- Tamén é o castelán a lingua que empregan máis os seus pais cando falan con el ou ela.
- O castelán xa é a lingua inicial maioritaria (60%).
- Consideran que as tres linguas (galego, castelán e inglés) son necesarias por igual, o 77%.
- Na escola é onde máis se comunican en galego.

Un dos factores determinantes no descenso do uso da lingua galega está precisamente na perda do galego como lingua inicial. Os pais, a pesar de que en numerosos casos son galegofalantes habituais, mudan a súa lingua para se dirixiren aos seus fillos, quizais por causa dunha estigmatización e baixo prestixio social que posúe.

### 3.- OBXECTIVOS DESEÑADOS COMO RESPONSA ÁS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS.

A necesidade de cambiar esta situación levounos a embarcarnos neste Proxecto: queremos que a lingua galega se escoite polos corredores, nas aulas e que o noso alumnado sirva de eco para que a lingua galega saia do recinto educativo. Para conseguilo necesitamos que todos vexan a lingua galega como unha lingua útil, moderna e que nos defina como galegos. Nós consideramos que o galego ten que saír das aulas e sobre todo temos que conseguir que o alumnado vexa que a lingua galega non é a lingua do ensino, é unha lingua válida para comunicarse oralmente dunha maneira tradicional ou a través das novas tecnoloxías. Debemos rachar con todos os prexuízos que aínda hoxe están presentes na sociedade.

Na formulación dos obxectivos debemos ter en conta distintos grados de consecución: Inicio-avance-consolidación-ampliación, tendo en conta a diversidade de perfís profesionais e niveis de coñecementos dos distintos axentes educativos. Os obxectivos foron deseñados tendo en conta que sabemos que a maioría das familias neste momento contan con ordenadores, internet e varios recursos impresos para a consulta e investigación, ademais de estar á súa disposición os recursos da biblioteca do centro.

### **3.1.- PRESENTACIÓN DOS PROCESOS DE MELLORA DO ENSINO E DA APRENDIZAXE.**

- Crear situacións de uso do galego integradoras, tanto para o alumnado que non está asentado nesa lingua como para os que, polas súas necesidades específicas de apoio educativo, teñen maior dificultade comunicativa.
- Diseñar espazos de uso normalizado da nosa lingua en contornos actuais e vitais relacionados con aprendizaxes vangardistas como o teatro e a música, que non só mellora a educación da persoa, senón que ofrece alternativa de ocio e goce.
- Fomentar a reflexión entre a comunidade educativa sobre o estado lingüístico do galego e os usos que del facemos, dentro e fóra da escola e crear espazos comunicativos naturais, con rexistros variados e códigos propios, nos que o galego sexa a lingua vehicular e retroalimenten as avaliacións derivadas das devanditas reflexións.
- Desenvolver a capacidade creativa do alumnado e profesorado participante a través do teatro e musicais, como instrumento pedagóxico que reproduce e investiga os conflitos e emocións das persoas, converténdonos en espectadores con sentimentos, pensamentos e actitudes que transferir ás nosas vivencias e aprendizaxes.
- Ampliar a oferta educativa e difundila na comunidade, contribuíndo a crear unha identidade propia e definida, innovadora... compartida cos diferentes axentes da mesma.
- Avanzar na accesibilidade, aproveitando mellor os recursos que elaboramos.

### **3.2.- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN A CURTO PRAZO.**

- Contribuír á implicación familia-escola e mellorar a nosa comunicación a través de distintos soportes.
- Crear unha dinámica permanente na ambientación dos espazos e na elaboración dos materiais do noso centro.
- Favorecer o acceso a contidos en lingua galega, prestando especial atención ao alumnado con diversidade lingüística e por extensión con pluralidade de características (dificultades de aprendizaxe, situacións culturais,...)
- Crear espazos de formación adaptada aos distintos axentes educativos (titorías, obradoiros, recantos...)
- Abrir a escola as distintas institucións que forman parte da nosa contorna.
- Favorecer o uso das TIC, contextualizándoo para superar a pedagogía “cunha pedagogía dos medios” que se nutre da aprendizaxe, sen ser o fin último dela.

- Consolidar unha liña de traballo co musical como medio expresivo de emocións que potencie a reflexión íntima dos participantes.
- Crear espazos formativos (obradoiros e sesións técnicas) para profesorado e alumnado participante.
- Desenvolver un espazo creativo e dialóxico no que as interaccións horizontais garantan a participación democrática e igualitaria, tanto na interpretación de escenificacións como na creación das mesmas.

### **3.3.- PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN A LONGO PRAZO.**

- Fortalecer a corresponsabilidade de tarefas educativas entre escola e familias, fixando unha liña de colaboración entre ambas.
- Establecer colaboración con entidades e institucións, facéndoas partícipes do proxecto.
- Potenciar o uso do galego como lingua habitual tamén fora das aulas (corredores, patio, comedor...), favorecendo a súa valoración positiva.
- Comprometernos coa educación emocional do noso alumnado.
- Perseguir unha liña educativa que se sustente no teatro, na música e nas emocións, co galego como lingua vehicular, e que nos permita garantir un proceso de educación integral.

## **4.- ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA.**

### **4.1.- ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS DE INNOVACIÓN PREVISTAS.**

Para o desenvolvemento do presente proxecto, están previstas numerosas actividades a desenvolver a partir do mes de febreiro e ata fin de curso. Pretendemos que as propostas que se poñan en marcha, incidan de forma significativa nas distintas áreas do currículo. A súa organización ten en todo momento carácter aberto, podendo ser complementadas ou ampliadas:

- Lectura para a recollida de información sobre os elementos dun musical.
- Visionado de diferentes obras teatrais e musicais, para analizar os seus elementos (personaxes, escenario, música, iluminación, vestuario...).
- Audicións e procura de música e sons, cos que se poidan expresar diferentes emocións ou situacións sen precisar a palabra.



- Exposición escrita, tanto para a ordenación e elaboración da información como para a realización do guión.
- Exposición oral: lectura en voz alta de obras teatrais, exposicións de información, pequenas dramatizacións, conta-contos, entrevistas,...
- Exposición emocional: identificación e expresión de emocións mediante verbas, expresións corporais e faciais, mímica...
- Ampliar os coñecementos do alumnado, segundo o seu nivel educativo, no referido ao turismo: organización dunha viaxe, medios de transporte, puntos de interese turístico da contorna... As zonas distribuiranse por niveis: 1º- Vilaboa, 2º- Pontevedra, 3º- Galiza, 4º- España, 5º- Europa, 6º- O mundo.
- Pequenas dramatizacións de diferentes situacións: rutinas coñecidas próximas aos alumnos, reserva dunha viaxe mediante conversa telefónica, procura de información nunha oficina de turismo, sobre conflitos que poidan xurdir na rutina diaria, para poder atopar unha solución entre todos,...
- Filmar as pequenas dramatizacións ou exposicións orais, para o posterior visionado e análise.
- Formación:
  - do profesorado: tanto técnica como pedagóxica para asumir o apoio ao alumnado e sobre educación emocional.
  - do alumnado: na xestión e expresión emocional, así como na técnica de filmación e edición de vídeo.
  - o alumnado e profesorado elaborará titoriais para axudar aos compañeiros.
  - entre alumnos/as: levaranse a cabo obradoiros de formación entre iguais que teñan como temática algunha das referidas.
- Tradución de textos ao galego e corrección dos escritos por parte dos membros do EDLG.
- Uso das TIC: procura de información sobre un destino, reserva de voos ou en hoteis, recollida da información cun procesador de texto, uso do blogue, e-mail como medio de comunicación,...
- Investigación: os alumnos e alumnas, levaran a cabo diferentes tarefas de investigación tanto sobre os musicais como sobre o turismo e a emigración dos galegos, empregando distintos soportes (internet, fondos da biblioteca, entrevistas orais, documentos escritos,...)
- Charlas e visitas: sempre que sexa posible, organizaranse charlas e visitas ao noso centro de persoas relacionadas tanto co mundo do turismo como do teatro.
- Ambientación e difusión do proxecto: crearanse carteis alusivos á temática de traballo, tanto de xeito plástico como en soporte informático, que formarán parte da ambientación do centro.

## 4.2.- TÍTULO E DESCRICIÓN.

Baixo o título "DESTINO.com", levarase a cabo un proxecto de innovación educativa que terá como tarefa final a elaboración do guión e representación dun musical, no que participará todo o alumnado e profesorado do colexio.

Unha vez adquiridos e traballados os contidos previos, cada grupo clase escollerá unha zona, habitante ou termo relacionado co turismo, así como o grupo de mestres/as. Quedará distribuído do seguinte xeito: 1º- Hindús, 2º- Romeiros, 3º- Peregrinos, 4º- Mexicanos, 5º- Chineses, 6º A- Safari, 6ºB- Africanos. O grupo de 6º será o encargado de crear e redactar o guión que cada grupo interpretará, a partir desta selección e tendo en conta o fío condutor: Un grupo de alumnos/as atopa na biblioteca do centro unha serie de documentación (mapas, xeroglíficos,...) e deciden seguir as pistas. É así como comezan a súa viaxe, para acabar dándose conta de que o mellor tesouro é a multiculturalidade e a amizade. Ademais, este grupo (os alumnos de 6º) xunto co alumnado de 5º escollerán a música para cada escena. Os actores prepararán a actuación, coreografía e deseñarán a súa caracterización coa axuda dos mestres/as tutores/as e especialistas de cada área (EM, EF, EA)

## 4.3.- OBXECTIVOS E PROPOSTA METODOLÓXICA.

Os obxectivos que pretendemos acadar coa posta en práctica deste proxecto de innovación poden resumirse de xeito xeral, nos seguintes:

- Potenciar o desenvolvemento de actividades que esperten o interese cultural e formativo da Comunidade Educativa.
- Transmitir unha imaxe positiva e actual da lingua galega.
- Potenciar a iniciativa e a capacidade creadora.
- Gozar coa creación en lingua galega.
- Valorar a tradición literaria e popular desta temática en Galiza.
- Coñecer e familiarizarse cos distintos elementos que compoñen un musical.
- Intercambiar información sobre diferentes aspectos do teatro e os musicais, dentro da aula cos compañeiros/as e mestres/as.
- Empregar as novas tecnoloxías para crear mensaxes orais e escritos en lingua galega ou resolver cuestións relacionadas co teatro, a dramatización e o turismo.
- Potenciar o uso do galego como lingua vehicular na vida diaria.
- Empregar a dramatización para desenvolver aspectos de xestión emocional e vivenciar outras artes e outros espazos de aprendizaxe de interese.

- Respetar as persoas que forman parte do grupo, malia a heteroxeneidade. Fomentar e reforzar o traballo en equipo.
- Fomentar a coordinación entre centro e o resto da comunidade educativa, posibilitando novas canles de participación e convivencia.
- Desenvolver un novo xeito de educar: activo, aberto, democrático, crítico e solidario.

A **metodoloxía** de todo o proceso perseguirá o cumprimento do programa, mediante tarefas complexas que se presenten de xeito funcional, activo e participativo, coa procura da colaboración e do respecto á expresión emocional e cultural de todos os participantes.

A creatividade é unha poderosa arma contra o aburrimiento. Por se isto fose pouco, a creatividade converte ao alumnado en máis versátiles, unha cualidade fundamental para a convivencia na actual sociedade en continua transformación.

As estratexias empregadas van encamiñadas a que o alumnado aprenda a través da curiosidade, da colaboración e do pensamento crítico. A atracción que exercen as dramatizacións, a música e o audiovisual en todas as súas facetas, abre as portas ao interese por expresarse e a ter curiosidade pola lingua galega.

E por suposto sen esquecermos da educación emocional. Será un aspecto protagonista ao longo deste proxecto, tanto a identificación como a expresión das emocións.

Ademais este proxecto apoiase nos seguintes principios:

- O principio de actividade. A actividade como fonte principal de aprendizaxe e desenvolvemento integral do neno/a.
- O principio de actividade lúdica. Por medio do xogo o neno/a descubre propiedades e relacións construíndo novos coñecementos. Esta é a razón pola que apostamos e incluimos xogos de expresión, manipulativos, de movemento, que inviten á reflexión... Os xogos de roles serán moi importantes.
- O principio de colaboración coas familias . Como xa dixemos na presentación do proxecto contamos co compromiso de colaboración da ANPA. Ademais queremos establecer canles de comunicación coas demais familias para colaborar na recollida de materiais, vivencias...
- O principio de colaboración con institucións exteriores. Potenciaremos que o alumnado busque información en oficinas de turismo, bibliotecas do concello, ..., levando un rexistro sempre da lingua que empregou a xente que os atendeu, a lingua na que están escritos os materiais que obtiveron (folletos...) e reflexionando sobre os datos que existren.
- Introdución, integración e tratamento das tics. Como tamén xa indicamos a nosa aposta polas tics na súa vertente informativa, comunicativa, lúdica, creativa e curricular é un compromiso.
- Coeducación: Insistir no compromiso do profesorado nesta liña.
- Respecto pola diversidade. Por unha banda entendendo a diversidade como unha

característica de todo o alumnado e non só do colectivo onde se identifican necesidades específicas de apoio educativo. Buscarase sempre o principio de igualdade de oportunidades, a tolerancia e o respecto cara a diversidade.

#### **4.4.- XESTIÓN E TEMPORIZACIÓN.**

Aínda que a idea da súa creación parte fundamentalmente do EDLG, é asumida por toda a comunidade educativa.

A filosofía do centro involucra a todos os niveis. A organización básica de DESTINO.com, formúlase como unha actividade globalizada, xestionada por un Equipo de Innovación, no que poidan estar representados os distintos sectores participantes na actividade (ANPA, mestres/as, alumnos/as, Equipo Directivo, conserxe). Este equipo, que estará dirixido pola coordinadora do EDLG, terá entre outras, as seguintes funcións:

- Regular a participación dos distintos sectores da comunidade educativa, por medio da programación.
- Establecer as normas mínimas de organización.
- Decidir sobre a temporización.
- Programar as propostas de contidos.
- Resolver as incidencias que poidan repercutir negativamente no desenvolvemento do proxecto.
- Propor ao Claustro e ao Consello Escolar, asuntos relacionados coas infraestruturas e investimentos necesarios.
- Asesorar ao profesorado, cando o solicite, buscando a máxima implicación do mesmo neste proxecto.

Estará formado por 10 membros: coordinadora do EDLG, membros do EDLG, coordinadora do EAE, directora do centro, coordinadora TIC; mestra especialista en Música, coordinadora da Biblioteca Escolar e coordinadora TIL.

Reuniranse como mínimo unha vez ao mes e sempre que sexa necesario.

Coa formulación prioritaria de ser unha estratexia educativa, entendemos que debe ser o profesorado o principal dinamizador da participación. Ou sexa, ofrecer diferentes opcións ao resto do Claustro para que poidan participar na actividade,

segundo o grao de compromiso que queiran ou poidan. Todas as tarefas complexas que se leven a cabo serán comunicadas e detalladas en tempo e forma á totalidade do Claustro, para que poidan participar, aínda que non sexan membros do Equipo de Innovación, introducindoas nas dinámicas diarias de aula e adaptando os materiais, cadernos de traballo, textos, proxectos de investigación,...

Ademais contamos tamén coa colaboración do conserxe para a elaboración de todo aquilo que sexa necesario para a decoración e posta en escena, así como da ANPA e familias, para a procura de información e vestuario.

Durante os meses de febreiro, marzo e abril, levaranse a cabo as actividades relacionadas coa lectura, procura de información, identificación de emocións, expresión oral e escrita,... É dicir, todas aquelas que sexan necesarias para que o alumnado, axustándose ao seu nivel educativo, adquira os coñecementos previos necesarios, en relación ao turismo, zona xeográfica correspondente, teatro, música e emocións. Os meses de maio e xuño, dedicaranse á elaboración do guión e todas as tarefas que sexan precisas para a posta en escena (obradoiros de dramatización, elaboración de vestuario e decoración, obradoiro de música, expresión emocional,...).

## **5.- IMPLICACIÓN DO PROFESORADO, RESPONSABLES E DEMAIS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

### **5.1.- RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.**

Aínda que o que demos en chamar Equipo de Innovación, está constituído por 10 mestres, cabe salientar a dispoñibilidade e implicación no proxecto, de todo o Claustro. Deste xeito, garántese ademais a participación, en diferentes graos, de todo o alumnado.

Igualmente o conserxe, ANPA e familias colaboran activamente en diferentes liñas de traballo.

Contamos tamén coa implicación e participación da xefa do DO para a formación de mestres/as e alumnado en todo o referido á Educación Emocional.

## 5.2.- RECURSOS MATERIAIS QUE SE VAN A MOBILIZAR.

Todos os recursos materiais existentes no centro, están a total dispoñibilidade para o desenvolvemento deste proxecto, pois é interese do Equipo Directivo, no cumprimento do seu Proxecto Educativo, o uso normalizado do galego e o compromiso con calquera liña innovadora que se leve a cabo para a formación profesional do profesorado e integral dos seus alumnos.

Os recursos materiais, neste sentido, precisarían ampliarse para chegar a un maior número de alumnos. Gardar todos os arquivos facilita o acceso aos mesmos por parte do alumnado en calquera momento, inclusive nas súas casas. De xeito resumido, relaciónanse a continuación os recursos materiais que previsiblemente se van precisar:

- Cámara fotográfica dixital.
- Cámara de vídeo.
- Ordenadores con conexión a Internet.
- Escáner.
- Fotocopiadora.
- Impresora.
- Plastificadora.
- Varios pen drive.
- Memoria externa.
- Distintos soportes para creacións artísticas e material funxible.
- Fondos da biblioteca.
- Fondos da aula de música.
- Fondos do DO.

## 6.- COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS.

O noso proxecto de Innovación pretende utilizar o teatro e a música para o desenvolvemento en educación emocional, empregando como fío condutor "O turismo". Por iso contamos coa colaboración do Concello para a organización de saídas e charlas referidas aos puntos de interese e turismo na contorna (visita da concelleira de turismo), visita do responsable de turismo da Diputación, procura de información a través das embaixadas e todas aquelas que poidan xurdir ao longo do curso.

## **7.- MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO.**

### **7.2.- ENTRE O ALUMNADO E ENTRE O RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

Un aspecto importante a ter en conta para o éxito do proxecto, será a súa difusión a toda a comunidade educativa e a súa contorna.

As iniciativas que se porán en marcha para acadar este obxectivo son:

- Reunión con todo o Claustro e Consello escolar para informar detalladamente sobre o proxecto e facilitar a súa participación no mesmo.
- Reunión coa ANPA para explicarlle o proxecto en profundidade e facelos partícipes del.
- Transmitir toda a información sobre o proxecto e o seu desenvolvemento ás familias, mediante a aplicación móbil TokApp School.
- Colocar carteis informativos nas portas de entrada anunciando e informando sobre as actividades que se estean desenvolvendo.
- Facer exposicións cos fondos do centro e co material elaborado e recompilado.
- Os alumnos/as farán pequenas dramatizacións de xeito puntual, con motivo de diferentes efemérides, as que poderán asistir as familias e serán publicadas no blogue.
- Contactar coa prensa.

## **8.- ORZAMENTO.**

### **8.1.- XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN.**

Para mellorar a equipamento técnica do proxecto conviría mercar algún material:

CONCEPTO	IMPORTE
Material funxible	500 €
3 Tablets	800 €
Memoria externa	100 €
3 trípodes	90 €
Bancos con respaldo	250 €
Fondos bibliográficos/ musicais	550 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.290 €</b>

## 9.- PLAN DE AVALIACIÓN.

O sentido da avaliación do desenvolvemento deste proxecto non é outro ca conseguir os obxectivos de partida e, se cabe, melloralos. Por iso, a redacción deste proxecto parte da detección das necesidades descritas (avaliación inicial e diagnóstica).

A partir de aí, o Equipo de Innovación revisará a marcha, tomando os datos a través de indicadores de avaliación que sirvan no proceso para decidir liñas retroalimentadoras que persigan a calidade do traballo e dos resultados (avaliación continua, formativa e autoavaliación).

No momento previo á elaboración da Memoria, levarase a cabo a avaliación final, tendo en conta os indicadores.

### 9.1.- CRITERIOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN.

- Grao de participación activa de alumnado, profesorado e resto da comunidade, incluídas institucións colaboradoras.
- Grao de interese espertado e de satisfacción cos procesos e cos resultados por parte de todos os axentes.
- Grao de difusión do proxecto en diferentes ámbitos educativos e sociais.

### 9.2.- IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA NA COMUNIDADE EDUCATIVA.

- Grao de mellora no uso normalizado do galego na realización de materiais do centro.
- Grao de compromiso co uso do galego, por parte de profesores e alumnos, na realización de materiais na nosa lingua.
- Valoración do galego asociado á creación de obras teatrais, literarias, tecnolóxicas



e/ou artísticas.

## 10.- PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCÍONS E TAREFAS DO PROFESORADO IMPLICADO.

EQUIPO DE INNOVACIÓN		
NOME E APELIDOS	CARGO	FUNCIÓN
Isabel García Rodríguez	Mestra titora de 3ºB EP Coordinadora EDLG	Coordinación do proxecto. Organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Relacións coa contorna. Publicación e información.
José Carlos Fernández López	Mestre Titor de 3ºA EP Membro EDLG	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Margarita Álvarez Pérez	Mestra Titora 1º EP	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Benedicta Iglesias Casal	Mestra Titora 2º EP Coordinadora Portfolio	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Teresa Vilar Lado	Mestra Titora de 4º EP Coordinadora EACE	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Raquel Peón Silva	Mestra Titora de 5º EP Membro do EDLG	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Verónica Paz Souto	Mestra titora de 6º de EP Coordinadora TIC	Coordinación recursos TIC. Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación
Mª Carmen Negro Fernández	Directora do centro Mestra de matemáticas en 6º de EP	Facilitación de horarios e recursos. Relacións coa contorna. Publicación e información.
Mª Luz Lorenzo Rodríguez	Xefa do DO	Participación en tarefas nas

	Membro do EDLG	que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación. Formación en Educación Emocional.
M <sup>a</sup> Montserrat Ogando Suárez	Mestra especialista en EM Secretaria do centro	Colaboración na organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Investigación. Xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Beatriz Somoza Pires	Mestra especialista en Inglés (4º, 5º e 6º de EP) Mestra de EA (4º, 5º e 6º de EP) Xefa de estudos do centro Coordinadora TIL	Xestión de grupos. Organización de liñas de traballo e supervisión do seu desenvolvemento. Relacións coa contorna. Información.
M <sup>a</sup> Ángeles Ramos Castro	Mestra de Relixión Católica Coordinadora da Biblioteca	Xestión dos fondos da biblioteca. Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Rosario Argibay Fariña	Mestra especialista en PT	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Estefanía Santos Martín	Mestra especialista en Inglés (1º, 2º e 3º EP) Mestra de EA (1º, 2º e 3º EP)	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
M <sup>a</sup> Elena Quiñón García	Mestra especialista en AL	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.
Pablo Barreiro Fernández	Mestre especialista en EF	Participación en tarefas nas que se encarga da xestión de grupos de alumnos para a súa participación.

## 11.- ALUMNADO PARTICIPANTE.

<b>GRUPO</b>	<b>Nº DE ALUMNOS</b>
1ºA	20
2ºA	24
3ºA	14
3ºB	12
4ºA	20
5ºA	17
6ºA	14
6ºB	13
<b>TOTAL</b>	<b>134</b>